

CURSO

# INTERVENCIÓN ESPECIALIZADA A MULLERES QUE ENFRONTAN VIOLENCIAS MACHISTAS EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA E URXENCIA

DOSSIER INFORMATIVO

DIRIXIDA ÁS  
PROFESIONAIS DA  
QUENDA DE GARDA DE  
TRABALLO SOCIAL



GUARDA DE GARDA SOCIAL  
PARA MULLERES  
E AS /OS SEUS FILLAS /OS  
QUE SOFRIN  
VIOLENCIA DE XÉNERO



# INDICE

0) Resumo do curso.....	2
1) Introducción.....	2
2) Obxectivos.....	3
3) Contidos formativos.....	4
4) Persoas destinatarias.....	5
5) Calendario .....	5
6) Metodoloxía.....	5
7) Avaliación .....	5
8) Docencia .....	6

## 0. RESUMO DO CURSO



30 horas



Online con 2 sesións virtuais



Do 16 ao 29 de novembro de 2022



**De balde**

## 1. INTRODUCCIÓN

Segundo datos do Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller, o segundo trimestre do ano pechou cun total de 1.813 denuncias por violencia machista nos xulgados galegos, un 9,9% máis que no mesmo período de 2021, cando se presentaron 1.649. Ademais, tamén aumentou o número de mulleres que aparecen como vítimas con 1.811 casos, fronte ás 1.636 en 2021, o que supón un subida do 10,7%.

Por outra banda, no que vai de ano, en Galicia rexistráronse 3.423 chamadas ao teléfono 016; entre elas, chamadas relacionadas con atención a mulleres vítimas de violencia en situacións de urxencia.

Xa que logo, a intervención das profesionais de traballo social con mulleres que enfrontan violencias machistas no ámbito da parella/exparella en situacións de emerxencia e urxencia supón unha das accións fundamentais para poder garantir unha atención integral ante esta grave problemática psicosocial.

Neste sentido, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) en virtude do *Convenio de Colaboración para a posta en marcha dun servizo de Quenda de garda social permanente para mulleres vítimas de violencia, os seus fillos e fillas menores e as persoas dependentes*, asinado coa Consellería de Presidencia e Administracións Públicas a través da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, aposta por prestar unha intervención especializada e inmediata desde o Traballo social ás mulleres/familias, promovendo a formación das e dos profesionais vinculados á Quenda de Garda.

## 2. OBXECTIVOS

- Dotar ás e os profesionais dun coñecemento teórico específico sobre os procedementos de identificación, detección e atención temperá da violencia machista.
- Adquirir coñecementos sobre a intervención social con mulleres vítimas de violencia machista en situacións de emerxencia e urxencia.
- Coñecer o dispositivo móbil de atención psicosocial a mulleres vítimas de violencia machista.

### 3. CONTIDOS FORMATIVOS

#### **Módulo 1. Prevención secundaria e terciaria: Procedementos de identificación, detección e atención temperá.**

- Análise e reflexión crítica sobre o sistema de protección a mulleres vítimas de violencia machista.
- Actuación profesional para o establecemento da relación de axuda.
- A entrevista. Detección Intervención: que exploramos.
- Motivación ao cambio: Intervención ponte/Traballo en rede.

#### **Módulo 2. Intervención especializada a mulleres que enfrontan violencias machistas no ámbito da parella/exparella en situacións de emerxencia e urxencia**

- Conceptualización: Emerxencia, urxencia e intervención en crise.
- Emerxencia ou Urxencia: Determinantes
- Valoración do risco e avaliación das necesidades de protección.
- Obxectivos da intervención na emerxencia.
- Procesos básicos de la atención e intervención.

- Procedemento de atención telefónica no contexto da emerxencia/urxencia.
- Exemplo de dispositivo móbil de atención psicosocial a mulleres vítimas de violencia machista.

#### **Módulo 3. Actualización dos recursos institucionais na abordaxe da violencia de xénero.**

#### **Módulo 4. Marco legislativo.**

## 4. PERSOAS DESTINATARIAS

Traballadoras/es sociais da *Quenda de garda de traballo social especializada e permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia*.

## 5. CALENDARIO

Do 16 ao 29 de novembro de 2022.

VIDEOCONFERENCIAS	DATAS	HORARIO
Sesión 1	24/11/2022	16.30-20.30h
Sesión 2	28/11/2022	16.30-18.30h

## 6. METODOLOXÍA

O curso será de carácter teórico-práctico, fomentando a participación do alumnado. Plantexaranse, nunha primeira parte, a través da plataforma de formación do COTSG, algúns contidos teóricos nos que se traballará no foro para compartir as reflexións, opinións e propostas. Complementarase con 2 sesións virtuais (a través de Zoom).

## 7. AVALIACIÓN

A avaliación realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

- Asistencia ás 2 sesións virtuais.
- Realización da totalidade das tarefas/test propostos pola docencia.

## 8. DOCENCIA

### **Ana García**

Traballadora social pola Universidade Pontificia de Comillas. Conta cunha ampla formación complementaria, especialmente en xénero e igualdade de oportunidades.

A súa carreira profesional xira ao redor da intervención con vítimas de violencia machista, cunha experiencia de máis de 20 anos. Actualmente é directora do Centro de Servicio Social especializado na Atención a Vítimas de Violencia de Xénero do Concello de Madrid (SAVG-24H).

### **Karina Pérez**

Traballadora social no CIM de Arteixo.

### **Julia Álvarez**

Licenciada en Dereito pola Universidade de Granada, cursando o Máster de Práctica Xurídica na Universidade de Santiago de Compostela.

Avogada socia da Cooperativa Xurídica Artigo 14 está especializada en Dereito Penal, Dereito Civil e Función Pública. Dada de alta na quenda de oficio nas ramas de Dereito Penal e Dereito Civil, así como na Quenda especial de Violencia de Xénero.

# COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



[info@traballosocial.gal](mailto:info@traballosocial.gal)



[facebook.com/COTSdeGalicia](https://facebook.com/COTSdeGalicia)



[cotsgalicia](https://www.instagram.com/cotsgalicia)

Coa financiación de:



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE  
EMPREGO E IGUALDADE  
Secretaría Xeral da Igualdade

